

## Pioneiros na Terra dos Comúns

*Pioneers in the land of common*

■ **Germám Ermida**

*Asociación cultural Morreu o Demo*

### NOTAS BIOGRÁFICAS

**Germám Ermida** Licenciado em Xornalismo pola Universidade de Santiago e en Antropoloxía Social e Cultural pola UNED. Redactor no portal culturagalega.org. Coordinador de exposicións e actividades de dinamización cultural e comunicación, como a Asociación Cultural BD Banda e a AC Morreu o Demo, entre outras.

Contacto: [germam@gmail.com](mailto:germam@gmail.com)

A cultura galega leva tempo a desenvolver un proceso de apertura a novas voces, historias e suxeitos. Hai xa anos que comezaron a abrollar no país as iniciativas que dan voz ás pequenas historias, aos saberes descoñecidos, ás subalternidades. Décadas levan en marcha as iniciativas de recolla de cancións tradicionais, das que milleiros de horas de gravacións fican en moitos casos inéditas. Aos poucos, foise abrindo o interese ás técnicas artesanais, os bailes e o contexto no que se desenvolvían as celebracións de música e danza. Chegaron co tempo as historias de vida, en boa medida arredor do interese polo fenómeno migratorio, e a recuperación de fotografías antigas. Pola súa banda, a reivindicación da memoria histórica vencellada á represión franquista impulsou de xeito particular a investigación e o recoñecemento das lembranzas referidas a este momento histórico. Aos poucos, imos valorizando máis e máis aspectos. Imaxes, sons, técnicas, experiencias particulares e colectivas pasan a se considerar como tesouros dos que temos cousas que aprender.

Aquí si podemos dicir que Internet e as novas tecnoloxías cumpriron en boa medida as súas promesas. Vencellados a estes procesos recuperación, a maior facilidade

para o rexistro, arquivo, dixitalización e difusión permitiron visibilizar franxas de idade e colectivos afastados da centralidade. Mulleres, persoas do rural, xente de idade, viron como se lles daba valor a unhas experiencias e a uns coñecementos que ata o de entón foran sistematicamente ignorados e considerados inútiles.

Como non podía ser menos, estes labores desenvolvéronse na maior parte dos casos de costas ao poder e á academia máis convencional. É da man de asociacións, técnicas de cultura locais e afeccionados, que se multiplican polo país webs, vídeos e gravacións a levar á luz pública historias de vida, fotografías, personaxes locais, vídeos con lembranzas, e, nos últimos anos, mesmo filmes domésticos e coñecementos tradicionais sobre a horta ou as festas.

Cartografías Sensibles, en Vincios; Nomes e Voces, Fálame de San Sadurniño, Música en Branco, o Proxecto Buserana, Ponte na Fala en Ponteceso, Proxecto Socheo, o Mapa Emocional de San Pedro, o Faiado da Memoria, Pho-

ttic... A listaxe é ampla, e amosa ata que punto a recuperación de fotografías e de memoria está integrada nas actividades de dinamización cultural de proximidade, polo xeral cunha preeminencia do diálogo e da entrevista como sistema de traballo.

**“Hai xa anos que comezaron a abrollar no país as iniciativas que dan voz ás pequenas historias, aos saberes descoñecidos, ás subalternidades”**

Canda ao éxito de exemplos coma estes, a tan repetida necesidade de democracia e de participación nas programacións culturais contribuíu a pór o foco nestas voces. Aos poucos, e aínda con moito traballo pendente, esta tendencia está a ter o seu reflexo nas formas culturais máis canónicas. En xeral, a cultura galega está a se diversificar nos últimos anos, a incorporar novos escenarios e novos suxeitos. Un proceso que se está a vivir de xeito particular nos ámbitos máis centrais da literatura, o audiovisual, a música ou as artes escénicas coas constantes reivindicacións, olladas críticas e homenaxes ao papel que xogan e deben xogar as mulleres en cada un deles. Galas como a dos Premios Martín Códax da Música 2017, con actuacións exclusivamente femininas. Propostas escénicas como *Eroski Paraíso*, *As do peixe*, *As fillas bravas* ou *Voaxa e Carmín* a falar de clases e de intrahistorias silenciadas. Manuel Turnes a abordar desde a narrativa a mocidade agraria actual en *Que non te aten*. O festival de Cans e o Chanfaina Lab a explorar no audiovisual producións chegadas do rural. Os exemplos de como a cultura galega está a deixar de ser exclusivamente urbana e masculina multiplícanse. E aínda se pode engadir que está a deixar de ter o home adulto como principal consumidor, co protagonismo abrumador que están a adquirir as crianzas na produción cultural recente.

A cabalgar neste *Zeitgeist*, o PEMAN xorde como unha reviravolta que pon en evidencia e nomea as lóxicas e as carencias que están por tras destes procesos. A incidir na dinámica das periferias e das subalternas, este proxecto aposta por unha perspectiva radical, xa non só unicamente nos contidos, senón tamén na metodoloxía que aposta pola innovación e polo desenvolvemento de xeitos flexíbeis, innovadores, asemblearios e igualitarios para se integrar cos seus suxeitos de estudo. Ademais, a través das súas vinculacións coa arte contemporánea, o PEMAN leva ao centro desta disciplina estes novos escenarios, ao tempo que aborda cuestións básicas como o papel da creación cultural ou a preeminencia que se lle outorga ao produto na nosa cultura e, por extensión, na vida neste sistema económico.

**“Os exemplos de como a cultura galega está a deixar de ser exclusivamente urbana e masculina multiplícanse.”**

Deste xeito, o programa conta con participantes e dinamizadores ben pertrechados, embora sexa con armas necesariamente autoconstruídas, precarias e en constante revisión, e amosa o potencial duns investigadores/exploradores e exploradoras que se resisten, nesta nova vaga migratoria, a abandonar o país á súa sorte, que procuran novos xeitos de entender e que no camiño fan pensar de xeito inevitábel en

todo o talento que estamos a perder na emigración.

Pioneiros na investigación dos espazos comúns e subalternos, os participantes no programa enfróntanse a enormes retos. Sen dúbida do enorme potencial de aprendizaxe que posúe a fórmula na que traballan, fica por diante o desafío de conseguir que os coñecementos, os diálogos, os procesos e os suxeitos que participan desta viaxe cheguen dalgún xeito a ser ouvidos nos ámbitos máis centrais da cultura. O PEMAN achega unha chave para afondar nos necesarios procesos de diversificación que están a se dar no país, pero a súa propia formulación pode supor unha pexa á hora de chegar a unhas elites culturais afeitas a formatos estandarizados e que exemplifican de xeito particular o avellentamento poboacional e a falta de relevo profesional que se vive no

**“Fica por diante o desafío de conseguir que os coñecementos, os diálogos, os procesos e os suxeitos que participan desta viaxe cheguen dalgún xeito a ser ouvidos nos ámbitos máis centrais da cultura”.**

país, nomeadamente no eido académico. Da outra banda está a grande dificultade que supón retornar este coñecemento ás comunidades nas que ten orixe. Evidentemente nada que non se puidese solventar de saírmos da brutal precariedade de recursos en que se

desenvolven, en xeral, os labores culturais no noso país.

Co proceso aínda en marcha, fican por ver as pegadas que pode deixar este programa no noso futuro común. Polo momento, o camiño está a resultar ben interesante e, algo que se agradece de xeito particular, profusamente documentado.